

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2010.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas do día vintenoventa de xaneiro do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, Dna. M^a. Angeles Díaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Ignacio Fernández Fernández, Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Begoña Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Emilio Varela Deibe. Asiste tamén Dna. Vanessa García Barreiro, interventora municipal.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 23.12.09

O Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (4 BNG, 2 PP, 3 PSOE, 1 EU-IU, 1 IPM), e a abstención do concelleiro D. José Juan Roca Lorenzo, por non ter asistido a dita sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta que deseguido se relaciona:

- Sesión ordinaria realizada o día 23.12.2009.

2.- PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010: SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Sr. Alcalde: Ben, esto ven outra vez a Pleno, porque había un erro na... no tema das cantidades de diñeiro, que se pasaba un céntimo, e ao pasarse dun céntimo pois non podía ser aprobado... non repercute no tema do montante total das obras, e polo tanto se... unha vez corrixido o erro ese, pois se trae outra vez a Pleno para a súa aprobación. Si.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente dí): Si, haber. Nós imos votar favorablemente a subsanación do, do error, que bueno, que é en base ao que dí o Alcalde, sen que isto desdiga a intervención que tivemos no POS. O único que como xa está votado a elección de obras, e polo tanto o plan parcial, e como é unha subsanación de error votaremos a favor.

Sr. Alcalde: Ben. Se non hai mais intervencións....

Rematado o debate sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo Sr. Alcalde en data 26 de xaneiro de 2010, por unanimidade, adopta o seguinte acordo que transcrito literalmente dí:

“Visto o escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial da Coruña (R.E. 6.749/21.12.2009) relativo a reparos na documentación Plan obras e servizos (POS) 2010, así como a documentación aportada polo técnico-redactor dos proxectos das obras incluídas no devandito Plan (R.E. 369/26.01.2010), propónse ao Pleno da Corporación subsanar a devandita a adopción do seguinte acordo:

1.- Prestar nueva aprobación aos proxectos seguidamente relacionados:
 - AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: BAILÓN, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Marcelino López Méndez, en data maio 2009, cun presuposto base de licitación de 34.817,72 euros.
 - COLECTOR DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN LODAIRO-SESELLE, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Marcelino López Méndez, en data novembro 2009, cun presuposto base de licitación de 35.581,28 euros, correspondente ao Plan Complementario ao POS 2010.

2.- Prestar aprobación ao informe emitido en data xaneiro 2010, polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Marcelino López Méndez - obrante no expediente - relativo aos reparos efectuados pola Deputación Provincial á documentación do POS 2010.

3.- Subsanar as deficiencias numéricas padecidas no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o día 23.11.2009, concretamente no seu punto 1, quedando, en consecuencia, redactado dito punto tal como figura deseguido:

1.- Aprobar o Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2010, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Estado + Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
<i>ACTUACIÓN DE MELLORA NOS DEPÓSITOS DE FRANZA</i>	<i>31.911,20</i>	<i>1.679,56</i>	<i>33.590,76</i>
<i>EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVENIDA DE GALICIA</i>	<i>40.745,76</i>	<i>2.144,51</i>	<i>42.890,27</i>
<i>EXECUCIÓN DE REDE DE COLECTORES NA RÚA DO PETEIRO</i>	<i>52.320,00</i>	<i>2.753,68</i>	<i>55.073,68</i>
<i>AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: BAILÓN</i>	<i>33.076,83</i>	<i>1.740,89</i>	<i>34.817,72</i>

<i>SUBTOTAL OBRAS</i>	<i>158.053,79</i>	<i>8.318,64</i>	<i>166.372,43</i>
------------------------------	--------------------------	------------------------	--------------------------

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2010 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	<i>0</i>

C) Resumo:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Estado + Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
<i>SUBTOTAL OBRAS</i>	<i>158.053,79</i>	<i>8.318,64</i>	<i>166.372,43</i>
<i>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>
<i>T O T A L</i>	<i>158.053,79</i>	<i>8.318,64</i>	<i>166.372,43</i>

4º.- Dar traslado do presente acordo e da documentación debidamente subsanada á Excma. Deputación Provincial da Coruña aos efectos da aprobación por ese organismo do Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010 correspondente a este Concello.”

3.- CONVENIO CO CONCELLO DE ARES PARA A ASISTENCIA TEMPORAL NA ÁREA DE TESOURERÍA-CONTABILIDADE DE DITO CONCELLO

Sr. Alcalde: Ben o seguinte punto e un Convenio de Colaboración co Concello de Ares para a asistencia temporal na área de Tesourería-Contabilidade de dito concello. Ben, este é un tema que foi debatido na Xunta de Voceiros, e en base a... ás alegacións que se fixeron no primeiro borrador, pois se trae un novo texto, para a súa, para someter a súa aprobación ao Pleno. E mais que nada, se refire ao tempo de duración que falábamos, que era un pouco excesivo. Entón o que se trae a Pleno, é un tempo estimado de catro meses de duración mínima, imprescindible para solucionar a situación de urxencia acaecida no Concello de Ares, departamento de Tesourería, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo: Elevar ao Pleno da Corporación proposta de aprobación do convenio de colaboración entre os Concellos de Ares e Mugardos, para a asistencia técnica, atención e axuda na tesourería-contabilidade no Concello de Ares, coas seguintes modificacións nas estipulacións nº.2 e nº7, que poderían quedar redactadas como segue: **a) Estipulación nº 2.** A prestación do servizo por D. Federico Martin Bermúdez conlevará o abono por parte do Concello de Ares dunha cantidade económica en concepto de retribución que estime convinte abonar dito concello previamente pactada co interesado. **b) Estipulación nº. 7.-** Duración. O presente convenio terá unha duración de catro (4) meses. E punto. Entón se trata, bueno de... de cómo xa faláramos na, na Xunta de Voceiros, pois dada a situación na que se atopa o Concello de

Ares o... debido ao facele, ao facele, ao facelemento de... da tesoureira-contable que tiña o Concello de Ares pois e... como é práctica habitual entre os concellos prestar apoio nos momentos de... que se precisen pois... Se hai algunha intervención con respecto ao tema, si.

Sr. Fernández Ameneiro: Boas tardes. Quixera facer un par de puntualizacións. Como xa explicou o Alcalde o motivo do convenio de colaboración entre os concellos de Ares e Mugardos para a axuda na tesourería no concello veciño, e debido ao pasamento da tesoureira do Concello de Ares. Entendemos que o traballador está de acordo en acudir polas tardes ao Concello de Ares para axudarlles no traballo do departamento, dada a situación de urxencia na que se atopan. Entendemos tamén que a duración do convenio non se, non se alongará moito mais dos catro meses como así o recolle o convenio e agardamos que dun xeito inmediato o Concello de Ares inicie os trámites para cubrir a praza. E tamén entendemos que a retribución, como así recolle o convenio, será pactada por ambas partes, pero o que non ven reflexado é o número de horas que vai a prestar neste servizo, dato importante, porque como xa se manifestou na Xunta de Portavoces, facer dúas xornadas continuadas por un período mínimo de catro meses repercute gravemente na vida laboral e mesmo familiar do traballador. E con este puntualización, como xa manifestamos na Xunta de Portavoces, imos a votar favorablemente.

Sr. Alcalde: Ben, se non hai mais intervencións, sometemos a votación.

Rematado o debate, sometese o asunto a votación e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Xunta de Voceiros de data 26 de xaneiro de 2010, e a proposta formulada polo Sr. Alcalde en data 26 de xaneiro de 2010, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

- Aprobar o convenio de colaboración entre os Concellos de Ares e Mugardos, para a asistencia técnica, atención e axuda na tesoureira-contabilidade no Concello de Ares, coas seguintes modificacións nas estipulacións nº. 2 e nº. 7, que quedarían redactadas como segue:

a) Estipulación nº 2. A prestación do servizo por D. Federico Martin Bermúdez conlevará o abono por parte do Concello de Ares dunha cantidade económica en concepto de retribución que estime convinte abonar dito concello previamente pactada co interesado.

b) Estipulación nº. 7.- Duración. O presente convenio terá unha duración de catro (4) meses.

INCIDENCIA: Faise constar que o punto número 4 pasa a denominarse “Moción conxunta dos grupos municipais do BNG e do PSOE contra o Decreto do galego no ensino”, por retirar os grupos as súas respectivas mocións e presentar unha conxunta.

4.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE CONTRA O DECRETO DO GALEGO NO ENSINO.

Sr. Alcalde: Ben o seguinte punto é unha moción do BNG, creo que hai outra moción do PSOE que é pola mesma cousa, non sei se os portavoces chegaron a un consenso para

presentar unha conxunta. En todo caso é unha moción en contra das medidas adoptadas pola... polo decreto do Galego no ensino, e polo tanto pois e... os portavoces que presentan a moción pois teñen a palabra se chegaron a un consenso.

Sr. Bouza Rey: Boas tardes. Pois si, chegamos a un consenso e fixemos unha única moción, que os grupos políticos a última hora da mañá, pois xa tiñan no seu, no seu poder, entón queda retirada unha delas, porque ven unha conxunta do BNG e do PSOE, que pasaremos a darlle ao secretario despois a copia. Entón vou pasar a ler a... a moción. O Grupo Municipal Socialista, e o Grupo Municipal do BNG no Concello de Mugarodos, en base nos dispostos nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais normativa que poda resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da corporación esta moción en base ao seguinte. Exposición de motivos: asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, provocada por sectores políticos e mediáticos, que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galicia, por mor dunha suposta imposición do galego e dunha suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua. Mentras tanto, a realidade é claramente á inversa: o proceso de normalización de usos do galego foi lento, e, ata hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades. Así un informe do Consello de Europa elaborado a finais do 2008, advertía que no noso país non se está a dar garantías para o uso normal do galego, en ámbitos tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galiza, nun informe sobre o galego no ensino confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo. Porén, a pesares da situación crítica pola que atravesamos a lingua propia do país, a chegada do PP ao goberno da Xunta de Galiza non fixo mais que agravar a situación. A súa galegofo, galegofobia está a propiciar que, en contraposición coa extrema ineficacia e parálise no resto da acción de goberno, o goberno de Feijóo estea a actuar con obsesiva celeridade en contra do galego e das medidas que, en boa parte, impulsou o goberno bipartito da Xunta de Galiza, inspiradas no consenso que establece a Lei e o Plan de Normalización Lingüística. Así, eliminou a obrigatoriedade de realizar unha proba en galego para acceder á función pública, eliminou a condición de impartir en educación infantil un mínimo do 50% en galego en contextos español-falantes; desmantelou o modelo educativo das Galescolas, e reduciu drasticamente o orzamento para diferentes políticas de normalización lingüística, ate o punto de que os orzamentos deste ano dedican un 20% menos á normalización que os do ano 2009. Para o PP, o elemento central desta política de persecución contra o galego, e a substitución do actual decreto 124/2007 por un novo, cuxas... cujas bases para a súa elaboración presentou o goberno da Xunta de Galiza o pasado 30 de decembro. O PP preséntao como o que será o decreto de plurilingüismo. Porén, non hai tal plurilingüismo o que hai é un avance claro, cara ao monolingüismo en castelán. Coas bases presentadas, vai a haber menos galego no ensino, esa é a realidade. Na súa aplicación práctica, vaise a pasar do 50% en galego ao 70-30 en favor do castelán. A introducción do inglés é

unha cortina de fume, pois, como o propio decreto admite, non vai a haber recursos para financiar a introducción do inglés, moito menos se temos en conta que o Partido Popular reduce os orzamentos para o ensino público. As bases do decreto vulneran leis básicas aprobadas por consenso e tratados internacionais de dereitos lingüísticos. En concreto vulnera a letra e o espírito da Lei de Normalización Lingüística (artículos 12 e 13), así como a Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias (art. 8). O borrador non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega, polo tanto sitúase mesmo fora do marco do Estatuto, artigo 5. Un goberno serio, cívico e responsábel debería cumprir as leis e os tratados internacionais de dereitos humanos e lingüísticos. É un borrador que vai traer conflitos á sociedade e aos centros educativos, onde antes había acordo e consenso. A Xunta fai dexación das súas funcións e traslada o problema ao profesorado, ao estudiantado e as familias. Porque ademais é unha proposta feita de costas á sociedade galega, sen ningún consenso con estes colectivos nin coa sociedade en xeral. Por iso se presentou na véspera de fin de ano, a última hora do serán, e sen que existise ningún proceso previo de diálogo nin contraste. As bases para a elaboración do novo decreto presentanse baixo a suposta argumentación de que garante, de que garante a liberdade de elección. Porén, non se pode falar de liberdade de elección cando existe desigualdade xurídica entre o galego e o castelán e o galego está situado nun nivel de inferioridade en todos os usos sociais. Nin se pode falar de liberdade de elección cando se impide a adquisición de competencia en lingua galega. En resumo, é unha agresión á dignidade da nosa cultura que haxa un goberno da Xunta de Galiza, que maltrata e despreza a lingua propia do noso país. Razóns pola que o Pleno do Concello insta, estes son os, os acordos xa que pedimos que se acorden en Pleno, insta á Xunta de Galicia a, primeiro, retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública. Segundo, cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía. Terceiro, presentar un verdadeiro plan de aprendizaxe de linguas estranxeiras factible e rigoroso sobre a base de continuar e potenciar as medidas acometidas dende o anterior goberno e coa súa correspondente memoria económica que o faga factible. E cuarto, reconstruír o consenso social e político tomando como punto de partida o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento na VI Lexislatura. A enmarcar dito consenso tal e como defende o Consello da Cultura Galega na constitución no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria na que, estando presente as tres forzas do arco parlamentario, conte coa participación das distintas institucións, sectores sociais, membros da comunidade educativa, ademais de asesores e especialistas. Cara á redacción final dun texto que reflicte, reflicta o consenso que en materia lingüística que este país necesita.

Sr. Alcalde: Ben, se abre un turno de palabras. Os grupos que queiran intervir. Ben, pois nestes momentos ten pedida a palabra a portavoz de Izquierda Unida. Pode vostede comezar a intervir.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente dí): Bueno, nós agradecemos o esforzo de que chegue unha, unha moción tal como nós comprometeramos na Xunta de Voceiros, se eran sobre, sobre a mesma cuestión. E...nós imos a votar favorablemente, en todo caso temos tres aportacions que non sei se poden ser recollidas polos ponentes, senón de todolos xeitos imos

a... a votar favorablemente. Unha é engadir un novo punto, que dado que o decreto vai vinculado fundamentalmente á ensinanza, se convoque o Consello Escolar Municipal para o seu pronunciamento, que sería o punto de integración. Propoñemos suprimir o punto número catro, dado que ademais é contradictorio coa exposición de motivos, que leu o voceiro do BNG. E no punto número quinto, introducir, e no Decreto 124/2007, que así aparece nalgunhas das mocións reflexadas, non só sobre a Lei de Normalización Lingüística, senón tamén no decreto que pretende derogar a Xunta de Galicia que é o 124/2007.

Sr. Alcalde: Teñen que intervir primeiro os que están a favor do si. En todo caso pois e... Fariña, quen mais e... Juan Domingo ¿pediches a palabra?. Ben, iniciamos o segundo turno de palabras, ten a palabra o voceiro de Independientes Por Mugar dos, o Sr. Fariña.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): Si, boas tardes. Como houbo unha conxunción das dúas mocións pois isto altera un pouco a miña intervención, pero vou a tentar de... seguindo as pautas que tiña predeterminadas, seguir nelo. A primeira aclaración, son as contradiccións, hai contradiccións e algunhas curiosas, é que está copiado literalmente a moción do BNG, nada mais que a aportación dos tres derradeiros puntos que son do PSOE. E é tan curioso que ata na sinatura, o voceiro do Partido Socialista BNG, pon o BNG, en fin. Hai que facer as cousas un pouco mellor, con mais tempo e mais meditado. Pero iso non é o fundamental Alcalde, o fundamental é outra cousa. Na miña intervención vou a tratar de facelo do seguinte xeito. Primeiro falarei da exposición de motivos do BNG, e os comentarios que ao meu parecer se desprenden, e logo facer o mesmo coa do PSOE, digo esta orde porque estaba preestablecido así. Na exposición de motivos eu creo que hai, do BNG, eu creo que hai tres singularidades que quero destacar, a primeira é a base inicial da exposición é esta a situación esperpéntica, grotesca, ou a deformación sistemática da realidade que provocan sectores políticos mediáticos. Din, ou decides que hai unha suposta imposición do galego sobre o castelán, é a primeira connotación da exposición de motivos que eu quito. A segunda, é que o perigo o basa fundamentalmente en que en doce anos, reduxose á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente o galego, polo tanto primeira aclaración non son catro, porque parece que todo son catro, son doce anos. E por derradeiro que o PP é o culpable de tódolos males, sobre todo dende que este accedeu ao Goberno da Xunta. Eu creo que é a síntese que eu quito da exposición de motivos do BNG. E os comentarios que fago son os seguintes: primeiro, no referido á imposición será suposta ou verdadeira, pero na práctica ¿onde está a aplicación do 50%?. Soupen que ao menos no noso Concello, é o contrario e estimo que mais do 60% das materias impartense en galego non en castelán. E vou a poñer un exemplo: segundo de ESO, en Mugar dos, que é onde os Independentes falamos, no noso foro, non imos mais aló nin pretendemos mais, inglés, dase en castelán, francés dase en galego, galego en galego, castelán en castelán, e si me permitides unha aclaración, houbo conatos de dalo en galego, ximnasia en castelán, matemáticas en galego, tecnoloxía en galego, música en castelán, educación para a cidadanía, o libro está en galego, e se imparten as clases en castelán. En resumo, de once asignaturas, seis en galego e catro en castelán e unha compartida. Tamén clarificar de que cada unha delas ten a do galego un e medio das chamadas marías, sen moita importancia, que eu creo que é fundamental para a educación, sen embargo en castelán ten dous e medio das chamadas marías, e xa como dixen antes unha compartida. Segundo, a chegada do PP á Xunta, é un argumento para concluir que o problema

se agrava, quero engadir que ao meu pesar, subliño, ao meu pesar, o PP chega á Xunta porque os galegos lle diron a maioría absoluta, e seguro que tiveron en conta os derradeiros catro anos de goberno BNG-PSOE, por esta orde BNG-PSOE, non estou trocando, a orde refírome. E se pasou tamén, na miña opinión, na imposición absoluta do galego sobre o castelán, pois a corrección das ofertas foi unha das cousas que o PP prometeu nas propias eleccións. Terceiro, permitidesme un comentario sobre a manifestación de Santiago, onde segundo os medios de comunicación, acudiron 30.000 persoas. Quero lembrar eiquí, que foron convocadas por unhas seiscentas entidades, e estarán todos de acordo conmingo, alomenos nisto, en que non é moito o poder de convocatoria destas sociedades, destas entidades. Cuarto e o mais importante, alomenos para min, a situación política en Galicia non, que non en Galiza, en Galicia, ao meu entender está aínda nucleada en torno aos resultados das pasadas eleccións, e sen perspectivas por parte da oposición PSOE e BNG, de superación de esta realidade. Polo que, o decreto do galego na ensinanza, é un atisbo para saír desta situación, o que ocorre, é que isto lle ven como anel ao dedo aos nacionalistas, xa que basan a súa política case exclusivamente na diferenza, non na equidade. E delo van a sacar proveito, revertindo a espantosa caída das derradeiras eleccións. É tamén o meu parecer, que ista é unha forma intelixente de ganar espacio, por iso eiquí e agora ao BNG, os meus cordiais parabéns. Respecto ao PSOE, en canto se refire á exposición de motivos, que aínda que se anulou o tiña, o tiña mais ou menos feito, digo que a primeira é que a mesma actitude ante os novos retos, é dicir que ten a mesma actitude ante os novos retos o PSOE, que é a pasividade e ir a remolque das iniciativas. Esa é a miña conclusión. Segundo, recalcar cando se afirma que o decreto 124/2007, se desenvolve de xeito razoable e positiva, nos de centros, nos distintos centros educativos. Non é certo pola... ao menos nunha aula polo que eu remato de sinalar. E a conclusión, polo que parece en todo, ou en case todo, o goberno anterior fixeron as cousas ben, polo que se desprende ultimamente, o goberno anterior, refírome ao goberno bipartito, pero a pregunta que non ten contestación, ao menos eu non fun capaz, será porque son parco nas cousas. É ¿por qué entón perderon vostedes as eleccións?. Moitas gracias nada mais.

Sr. Alcalde: Gracias. Begoña tes a palabra.

Sra. Gómez Díaz (que traducido literalmente dí): E... boas tardes. Bueno, comentar que, eu creera enteder que en Xunta de Voceiros se acordara non ler as exposicións de motivos das, das mocións, pero bueno. Da exposición de motivos quería comentar unhas frases que nos chamaron a atención como garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Temos a vantaxe de que temos dúas linguas, e cada un pode vivir na que lle de a gana, imos, espero que non nós obriguen a vivir nunha soa. E... a desvan, a desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo iso é unha... non sei se chamarlle mentira ou unha falta de verdade. Non se está a dar, como dicía Fariña, mais materias en castelán que en galego, ao revés, estabamos dando mais materias en galego. Incluso cando os nenos pedían: “profe, por favor falanos en castelán que te entendemos mellor”, había que falar en galego. Cosa... oe, a lei o dí, acatase a lei. Non pasa nada. Non sei onde se vulneran os artigos 12 e 13 da Lei de Normalización Lingüística, eu lino, e eu non atopo vulneracións neste borrador de... de... presentado o día 30 de decembro, o que si vulneraba, e de feito houbo, houbo un ditamen do Consello Consultivo que o, o decreto 124/2007 si vulneraba, era contrario a dereito. Ou sexa que tampouco o teño eu moi claro que, con que, que xeito de falar temos. Logo, outra frase

interesante é que na súa aplicación práctica se vai a pasar do 50% en galego, non era o 50%, ao 70-30 a prol do castelán. Iso tampouco o pon. Poñer pon, un tercio, un tercio, un tercio. Un tercio en castelán, un tercio en galego e un tercio en inglés. Se o tercio en inglés non é posible, que hoxe por hoxe sabemos que non é posible, irase implantando pouco a pouco. Se o tercio en lingua estranxeira non é posible, procurarase a igualdade entre as dúas linguas oficiais, a igualdade que eu sepa é o 50, pero bueno. E que o borrador non garantiza que o alumnado acade a competencia en lingua galega, pois tampouco sei de onde, de onde se pode sacar isto. E xa o de verbas como maltrata e desprezia a lingua do país, imos xa me parece.... un pouco forte, que se empreguen ese tipo de verbos, pois non, non, non podemos estar de acordo con iso. E por favor, que o tema do idioma que non sexa, que non sexa un tema de peleas, que non sexa... imos a ver, o goberno da Xunta sinxelamente está a cumprir o que prometeu en campaña, entón non sei agora tanto revuelo, revuelo que xa comezou antes da presentación do borrador, pero bueno, non teño nada mais que dicir. Gracias.

Sr. Alcalde: Gracias Begoña. Bouza.

Sr. Bouza Rey: Bueno, hai que conterse, hai que conterse. Porque vou a empezar polas, pola intervención de Begoña, do PP. Que o idioma, que o galego non sexa motivo de pelea. Pero había pelea antes de, de presentar este decreto, sin luz, nin taquígrafos nin nada. Había un acordo do PP, do PSOE e do BNG, aprobado en parlamento. E non había e podedes ler, todala prensa mundial di non había ningún conflito, ¿quen abre o conflito?. O BNG o PSOE, Izquierda Unida, non, o abre o PP, porque se agarra a uns votos da extrema dereita, como agora, como agora dentro duns días ao mellor debatiremos unha moción sobre a pena, capital non, pero a cadea perpétua. Se está abrindo para que esa extrema dereita, teña unha porta aberta para votar. Con respecto a Fariña xa é difícil, é difícil entender, porque si el non ve isto na sociedade é que ou non lé, ou non quere velo. A parte o... a pérdida tan clara do BNG nas últimas eleccións, lle recordo que foron unha, se pode tomar esa pastilla, porque nas próximas, nas anteriores municipais Independientes tiña dous, ou sexa que é estrepitosa polas dúas bandas. Si é que é estrepitosa perder un deputado. E a maioría absoluta e do PP, pero a maioría dos votos non é do PP, e así 30.000 persoas un xoves en Compostela, un día laborable, hai que, hai que... non trinta mil dixo él na, na... que o leu na prensa, hai que movilizarse, non dixeches trinta mil. Trinta mil. Pero diso sabemos, ti e mais eu sabemos moito, de poñer números a manifestacións sabemos moito, pola experiencia tanto túa como miña. Agora, se nós non abrimos ningún debate señores, o debate o abreu o PP. Si esto, os datos que deu Fariña é para enmarcar, porque son os datos que están no instituto, ¿hai algún problema co castelán?, eiquí se prohíbe falar a alguén en castelán. O que si non estamos de acordo, en que nos recorten os dereitos que como pobo temos, e un deles é a lingua. E iso si que non se vai a consentir, ou polo menos pelearnos para que non se consinta. Porque, que debate había eiquí, había algún debate, ata Fariña fala en español todos os días, e ¿Qué pasa?, nadie lle chamou nin a atención nin nadie lle chamou... nin a min tampouco, bueno... en español. Entón bueno, sexamos un pouco serios, busquemos das palabras que non sexa de pelea... pero, e que nós non abrimos este debate, nin abrimos esta pelea.

Sr. Alcalde: haber, ten a palabra tamén pedida Anxos.

Sra. Díaz Prados: Bueno, boas tardes, eu non sabía que ía a falar primeiro o meu compañeiro Bouza, pero dicir, era simplemente dicir catro cousas, ¿non?. É verdade que a imposición do castelán sobre o galego, e non vou a entrar... eu quero ser cordial como os do PP, e ademais vós invito a votar favorablemente a moción, porque é unha moción que evidentemente representa unha discriminación positiva sobre a nosa lingua ¿eh?. Debido á situación desfavorable que está vivindo dende fai moitos anos. E si é unha discriminación, é unha discriminación positiva que é unha medida que se toma en moitos casos, en moitos... en moitos ámbitos sociais con outras cousas e non está presentando ningún tipo de debate hoxe en día, non sei porque ten que presentar este tipo de debate, ou porque se abre este debate a través da Xunta de Galicia, cando si había unha convivencia entre o galego e o castelán, neste país ¿eh?, que non estaba levantando ampollas, pode ser que as ampollas se levantasen no País Vasco, ou se levantasen en Cataluña pero non aquí. Non aquí Sr. Fariña, non. E... Fariña dicía que... empezaba o texto falando dun esperpento, dunha imposición suposta ou verdadeira, como dicía él, si houbo unha imposición. Houbo unha imposición do castelán ¿eh?, que empeza e... con Alfonso X “O Sabio”, ¿eh? Con Alfonso X “O Sabio”, e a través de aí, mediante o goberno centralista do estado español, se vai facendo unha imposición paulatina do castelán ¿eh?, sobre o galego, que queda simplemente para falar nas clases baixas. E un proceso diferente ao que se produciu en Cataluña, non fai falta que se sople, porque é un pouco de historia, da nosa tamén, da nosa historia, da historia tanto de España como de, como de Galicia. É un proceso diferente ao que se produce en Cataluña, en donde o catalán pasa a ser falado e a ser unha lingua privilexiada para as clases altas. A nós as clases altas nos veñen impostas, porque aos nobles de Galicia os votan, e nós traen os nobles de Castela. Evidentemente temos unha imposición lingüística ¿eh?, unha imposición lingüística por iso o galego deixa de ser falado, sobre todo nos ámbitos administrativos, deixa de ser falado e utilizado nos ámbitos da escola, e a xente do pobo comeza a educar aos seus fillos en castelán, porque evidentemente teñen que ir á escola e teñen que aprender se queren ser algo nesta vida, e teñen que aprender no idioma que se usa na escola. Entonces si existe unha imposición, si existe unha imposición, e si é verdade que o decreto, non sei exactamente o número que ten, porque eu de números entendo ben pouco, o que se aprobou co bipartito no 2007 supoñía unha discriminación positiva para o galego neste país, e supoñía unha discriminación positiva para o galego neste país, porque é a lingua que está en perigo, e é a nosa lingua. E o castelán non está en perigo nunca neste país, soamente, soamente tes que ir a dar unha volta por calquera librería deste país, ou por calquera kiosko, e tes o 90% da prensa en castelán, soamente tes que sentarte na túa casa e apretar, premer o botón da televisión ou da radio e todas as emisoras, excepto a Televisión de Galicia, son en castelán. E agora a Televisión de Galicia, por certo, e trilingüe, trilingüe tamén e pon os teletubis en inglés con subtítulos para nenos de tres anos que saben ler todos porque somos todos moi intelixentes, en galego. E... en canto a coller una aula en concreto do IES de Mugardos para dicir que o 60% das materias se dan en galego me parece un dato que non é realmente significativo, primeiro porque e... podería aducir que algún dos mestres que dan clase en... en galego e... dan a clase en galego cando len o libro, pero logo continúan en castelán a clase e as súas explicacións e non hai ningún problema. Si señor Fariña, teño dúas fillas neste sistema educativo, neste IES de Mugardos e as miñas fillas, as miñas fillas che poden dicir que falan perfecto o castelán, perfecto o castelán. E ademais non soamente falan perfecto o castelán,

senón que a maior parte das clases as dan en castelán. E cando un neno fai unha pregunta en castelán, o mestre contesta á pregunta, e cando o neno escribe o texto ou o exame en galego, o mestre, ou en galego ou en castelán, o mestre non pon ningún tipo de impedimento, porque de feito moitos mestres dan a metade dos apuntes en galego, e a metade dos apuntes en castelán, dependendo de cómo esteñan traballados. Nin os nenos nin os mestres están poñendo ningún tipo de impedimento, porque hai unha convivencia tranquila, como dí a xente do PP, dentro do IES de Mugardos. É dicir e... a mostra que traes ti en base á túa... á túa neta, e simplemente unha mostra que non ten significación nin... non é significativa, supoño que virá por aí o que sabes de segundo de ESO, porque non creo que estés nesa aula. En concreto despois decías o outro punto que era contradictorio, ou o outro punto que destacabas, era o pouco poder de convocatoria que tiñamos para facer manifestacións, eu creo que temos un gran poder de convocatoria, non soamente que teñamos un gran poder de convocatoria, a convocatoria á manifestación non a fixo o BNG, e iso o podes ler en calquera nota de prensa que saíu estos días, senon que o fixo a plataforma Queremos Galego, coa que colabora este Concello, como ben sabemos. E... e con respecto a... a que esto todo é unha estratexia do BNG que estamos aproveitando para volver a acadar un éxito político nas seguintes eleccións, ou para refacernos de tal, non señor non, nós o BNG o BNG o temos claro, loitamos pola nosa lingua porque é o noso patrimonio cultural e é o único que está en perigo neste país, non é o castelán, é o galego, e por iso temos que loitar e temos que defender. E por iso ¿eh?, e por iso porque é a nosa bagaxe cultural, e a nosa bagaxe cultural é o mellor legado que lle podemos facer aos nosos fillos e a os nosos netos ou netas. Iso por un lado, por outro lado o que dicía Begoña, que neste país había dúas linguas e que non era bon obrigar a ningunha, é certo, completamente certo, e non é bon obrigar a falar a ninguén en ningunha, cada un pode falar na lingua que lle pete, nin mais nin menos, eu estou completamente de acordo. E... e que non hai unha desvantaxa do galego no ensino público, non ata agora, realmente pois se pode dicir que temos pouca desvantaxa, algunha hai, pero hai pouca realmente. Evidentemente co borrador do decreto do... que quere sacar o PP adiante, si habería unha desvantaxa, si habería unha desvantaxe, xa que se produciría a situación de que os nenos ¿eh?, que non foran galego falantes e... non... non falarían non estudarían en galego ningunha das materias en cursos de educación infantil ¿eh?. E... respecto aos puntos que dicía Pilar, dicir que parece que nós leu un pouco o pensamento co tema de convocar ao Consello Escolar, e si que estabamos xa precisamente neso, estamos completamente de acordo, temos que convocar o Consello Escolar Municipal e temos que debatir esto, nada mais.

Sr. Alcalde: De, de, de todas formas eu quería clarificar un tema sobre esto, antes de darlle a palabra a Fariña, se me permitides. E é para aclarar un pouco o debate e todo iso. Recordarlle, recordarlle a todos os presentes de que a moción pois é unha resposta ao borrador do decreto da Xunta actual, borrador do decreto da Xunta actual, que... que efectivamente pois se... fai uns días estivo por aquí de vacacións un profesor sociolingüística que é de aquí de Mugardos, que dende logo é bastante coñecido a esos niveles. E me dicía que ese borrador do decreto, que o mirou, porque é un... unha persoa que se dedica a estudar todo iso sobre a lingua. E me dicía que parecía un decreto que tiña que ser feito por algún extraterrestre, porque non coñecen a realidade deste país. E xa digo que é unha persoa bastante autorizada e que coñece perfectamente ao Secretario Xeral de política lingüística da Xunta, que é bastante amiguete del, e él quedaba atónito de que esa persoa poidera defender este borrador de

decreto. E... e tamén quería que... quería dicirlle a Fariña que... o tema da manifestación está convocada por unha plataforma cívica, e foi convocada nun día laboral, e unha asistencia de 50.000 persoas, creo que non se debe minusvalorar. Hai que facer un análise serio e riguroso desa manifestación, e creo que o PP o vai a facer, e de feito xa, creo que xa está falando de bueno, vamos a facer o 50% tal e tumba. E... cando falaba Begoña do dereito a falar na lingua que tal, eu estou de acordo contigo, efectivamente, pero o dereito ten que ser compartido. E eu non vin a nadie que lle impedira a alguén expresarse en castelán, pero en galego si, en galego todo o mundo sabe que moitas veces no xulgado non te podes expresar en galego. O xuíz che di “hable usted en castellano” e senón non che.... Si, home, si. Pois mira que non denuncias, pero hai... si, si, pero hai denuncias onde o galego non se pode expresar libremente na súa lingua. Polo tanto hai unha discriminación ¿eh?, palpable e sonante de que... polo tanto eu diría que esa defensa que se fai do bilingüismo armónico, pois debe ser unha defensa a ultranza das dúas linguas, non soamente da do castelán. E... e bueno, pois e... creo que o que se pide aquí é de, de, de xustiza ¿non?. E de xustiza porque evidentemente como estaba o decreto 124/2007, ou 127/2009 e... pois e... non había ningún, ningún lio con él armado o que pasa é que é certo que é unha promesa electoral do PP feita a un colectivo determinado, que o coñecemos todos, que é Galicia Bilingüe. Entón pois e... iso non quere dicir que ese colectivo pois represente o sentir de todos os galegos e galegas que vivimos en Galicia. Polo tanto hai que ser sensibles a todas as sensibilidades que hai no, no país. Bueno, dito esto pois e... lle paso a palabra ao Sr. Fariña que está impaciente.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): Si, eu brevemente, referirme un pouco ás intervencións que houbo porque a anterior foi... a primeira de Bouza foi fundamentalmente ler a moción. Eu teño que comezar dicindo que a miña intervención é política, podese estar de acordo con ela ou non. Ademais creo que non ten moita trascendencia, dado quen son eu, o que represento, pero repito, si é política. Ou polo menos trato de que sexa política, non doutra índole. Falando un pouquiño do que dixo o Sr. Bouza, di que había pelexa, e afirma que non, que non había pelexa, e eu claro, estou de acordo, non había pelexa, estou totalmente de acordo co Sr. Bouza, o que había era sumisión, son... é diferente. Di que é difícil ver, que o referente ás eleccións, home eu eiquí creo que nunha ocasión polas eleccións, unha felicitación que fixera, recordará Barcia seguramente, fixen referencia a un artigo de Antón Losada, nada sospechoso de ser de Independientes, Antón Losada, o asesor principal que tiña o presi... o Vicepresidente da Xunta ao primeiro, dicindo a situación do BNG, respecto ás derradeiras eleccións, eleccións de Galicia, non autonómicas, non me refería a autonómicas, ou perdón autonómicas, non me refería a municipais, nin me referín ás europeas, nin ás nacionais. Estamos a falar das eleccións en Galicia. E despois a todos, contando con todos, estamos falando da ensinanza, non doutra cousa. Entón entra a intervención da Sra. Ángeles, e a Sra. Ángeles eu creo que sin meditar moito a intervención, sen meditar moito a intervención, saenlle do corazón as cousas, e ten... a min ao menos teñen moito mais valor. E teño que dicir Ángeles, que eu comprendo perfectamente, comprendo perfectamente que a opción dun nacionalista, a opción derradeira dun nacionalista é a nación, co estado desa nación, que é a opción derradeira, non me vendas a min... vendelle a outra xente, pero a min non me vendas rolos porque levo en política moito tempo e isa é a finalidade que teñen os nacionalistas. E claro que teñen, e é lóxico que queren a exclusividade da lingua, como non... é a súa opción. Segundo, non a traías moi preparada porque falas de

esperpéntico, e eu o que fixen foi recoller exclusivamente a terminoloxía que ven na exposición de motivos do BNG ¿vale?. Non son eu o que fago, fago de esperpéntico, non digo eu iso. As outras dúas son acepcións da mesma palabra, por iso hai que pensar un pouco o que se dí. Por derradeiro, creo que por derradeiro, bueno me falta un par de cousas máis, dixeron por derradeiro, pero seguín. Home da a sensación de que os culpables eiquí son Alfonso X “El Sabio” y Feijoo. Iso e... da a impresión, de verdade que me da esa impresión. Terceiro, cuarto ou quinto, non sei xa Alcalde, perdín a... perdín a noción. Volto a repetir que o debate estaba na ensinanza non nos medios, é outra cousa, se faláramos de medios, da exclusividade dos medios, estaba totalmente de acordo con elo, con vostedes, totalmente de acordo, eu estou falando da ensinanza. Hai un exemplo Ángeles que a min non me gustou, e non me gusta persoalmente, porque incidimos no tema persoal, ti non tes que mencionar para nada á miña neta, nin eu teño que mencionar para nada aos teus fillos, pero en próximos plenos, direi como lles ensinan aos teus fillos, tratarei de averiguar o tema. Eu creo que ese é mal camiño, é falta de taboas, o podo recoñecer. Pero voute, voute contar unha anécdota, que pasou á miña neta. Nun exame, algunha xente que está eiquí xa o sabe, nun exame de sociais, tiña unha nota, e pareceulle baixa á nena, e chegou á casa, podese documentar o que estou a dicir, documentar, e tiña dúas correccións con dúas faltas, que era 0,75 cada falta, ¿sabes cales eran esas faltas?, que puxo País Vasco en vez de Euskadi, e que puxo Galicia en vez de Galiza, é sorprendente, pero é a realidade. E eu concluo coa túa intervención, dicindo que... é unha ensinanza que aprendo que ademais non é... non é de agora, eu creo que constantemente vouno aprendendo, son torpe e é unha vez e outra vez, pero a conclusión é que os advenedizos, os derradeiros son sempre os máis radicais. E en canto ao Sr. Barcia, ao meu Alcalde, home non teñas esa preocupación Barcia, porque a xente que está no Pleno, está eiquí porque entende, sabe, coñece de cuestións políticas sociais, e sabe perfectamente do que estamos a falar. E a segunda connotación e derradeira, é que eu non estou a falar nin defendendo o decreto, eu para nada defendín o decreto, nada. Falo da outra realidade, eu falei da outra realidade, non do decreto, non podo defendelo porque confeso que nin o lín, de acordo, non tivechedes o gusto nin o PP, nin o BNG, nin o PSOE, se o ten miña amiga tampouco, de pasarme o decreto, fixechedes ben porque se mo pasades seguramente non o lería tampouco. Nada máis moitas gracias.

Sr. Alcalde: Gracias Fariña. Ben entón, lle damos a palabra ao portavoz do PSOE para pechar a moción.

Sr. Fernández Ameneiro: Bueno e... os puntos que pedía Pilar que se incluíran, o do Consello Escolar Municipal, cremos que se pode incluír sen problema de ningún tipo, e o do decreto 124/2007 tampouco habería maior problema. O punto que pide retirar non o vemos oportuno porque nos parece que non hai ningún tipo de contradicción. E... quería dicir que o PSOE non vai nunca a remolque de ningún tipo de iniciativa polo simple feito de que o BNG presentou unha moción, e o Partido Socialista presentou outra moción. Na moción que se tratou de consensuar para non chegar aquí con dúas mocións que quixeran vir a dicir o mesmo, na exposición de motivos que non ten maior importancia, o que si os puntos aos que se vai a instar á Xunta, están recollidos literalmente, dous puntos, da moción do BNG, e literalmente, dous puntos, do Partido Socialista. Literalmente, dous puntos. De... dicir, dicir que vir aquí a facer chistes fáciles cando en Galicia se perden 26.000 galego falantes ao ano,

me parece cando menos ridículo. E é verdade que aquí estamos a facer política, pero eu neste caso o único que estou é a defender o noso idioma e a nosa cultura. Eu quero dicir, que o Grupo Municipal Socialista, e o BNG, presentamos esta moción contra o borrador do novo decreto presentado pola Xunta respecto da política lingüística a seguir no sistema educativo de Galicia porque nos parece unha agresión á cultura e á lingua propia do noso país. Non soio o PSOE e o BNG rexeitan o borrador, non existe institución nin sector da sociedade que defendan sequer minimamente as bases presentadas polo actual goberno popular, agás evidentemente que o propio Partido Popular. Por citar algunhas das opinións, que rexeitan o citado texto, podemos nomear e vou a citar textualmente as súas manifestacións, os escritores en lingua galega, que ven o borrador involucionista e un ataque contra a lingua e a cultura galega. O Ministro de Xustiza, o galego Francisco Caamaño que di que a Xunta non pode tratar igual a dúas linguas oficiais como son o galego e o castelán que un idioma estranxeiro. E por último que me parece que non é sospeitosa, a Real Academia Galega, considera que o borrador do decreto do galego na enseñan... na ensinanza é inaceptable, inconsistente, irresponsable e insostible, isto o dí a Real Academia Galega da Lingua. A RAG critica a rebaixa do galego dun 50% como mínimo, na ensinanza, a ter un teito do 33% nas asignaturas. Reclama que o galego sexa o centro de gravidade do modelo bilingüe, algo que non choca co ordeamento constitucional, para compensar unha situación de desigualdade histórica con respecto ao castelán. Este informe foi aprobado por unanimidade, o que representa o sentir da totalidade dos académicos, e me estou a referir á Real Academia Galega da Lingua. Para rematar, soio quero dicir que o informe da Real Academia Galega conclue: o borrador rezuma pouco afecto pola lingua galega, polo que pide aos poderes públicos que fomenten o amor pola identidade e a lingua galega o noso ben mais preciado. Agardamos que o goberno da Xunta escoite a inmensa maioría da, da sociedade galega e retire o borrador do novo decreto respecto da política lingüística a seguir no sistema educativo de Galicia. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: Si, si, si tes...

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): E por derradeiro a Real Academia Galega da Lingua dice que es Galicia no Galiza. E vostede firma un documento que pon Galiza. E o di a Real Academia Galega da Lingua galega.

Sr. Alcalde: As dúas Fariña, as dúas. As dúas Fariña, as dúas.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): Non, non, non.

Sr. Fernández Ameneiro: Bueno, a min me da igual, me da igual que digan me Galiza que Galicia porque me entendo exactamente igual. E soio digo que eu veño aquí a defender a nosa cultura e a nosa lingua. Iso por un lado. E dicir eu non chamo mentiroso a ninguén, pero segurísimo, seguro que está equivocado. Eu dixen, que a min a exposición de motivos me da exactamente igual, porque coincido plenamente coa que aquí asinamos. Digo que os catro puntos, os catro puntos que vamos a aprobar, dous son recollidos literalmente da moción do BNG, e dous literalmente da do PSOE, non dixen outra cousa, ¿estamos?. O que é a moción, o que é a moción, son estes catro puntos, esa é a moción, nos catro puntos están

repartidos equitativamente polo BNG e o PSOE, e, e creo que estamos... non, non, non, díxeches que un era do PSOE, un, e tres do BNG. Dous do BNG, dous do PSOE. Ademais creo que estamos tendo un debate esteril, porque creo que nin ti nin eu somos tan importantes como para estar aquí debatindo tanto tempo.

Sr. Alcalde: Si haber. O que se somete a votación son...

Sr. Bouza Rey: Si o problema e da “z”, o cambiamos pola “c”.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): non, non, non.

Sr. Alcalde: Non.

Sr. Bouza Rey: Pensei que o problema teu era a “z”. ¿Non?, díxeches eso da “z”. Si o problema e ese o cambiamos.

Sr. Alcalde: Haber, haber xa rematou, xa rematou o debate. Haber, por favor, xa rematou o debate da moción. Fariña, Fariña. Haber, literal, literal, literalmente o que se somete a votación aquí hoxe é: razóns pola que o Pleno do Concello de Mugar dos instas á Xunta de Galicia a...

Rematado o debate sométese a votación a moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG e do PSOE contra o decreto do galego no ensino, coas enmendas introducidas polo grupo municipal de EU-IU, e o Concello Pleno, por 9 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 EU-IU), e 3 en contra (2 PP, 1 IPM), acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a:

-Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.

-Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.

-Presentar un verdadeiro plan de aprendizaxe de linguas estranxeiras factible e rigoroso sobre a base de continuar e potenciar as medidas acometidas dende o anterior goberno e coa súa correspondente memoria económica que o faga factible.

-Reconstruír o consenso social e político tomando como punto de partida o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento na VI Lexislatura, e no decreto 124/2007.

A enmarcar dito consenso tal e como defende o Consello da Cultura Galega na constitución no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria na que, estando presente as tres forzas do arco parlamentario, conte coa participación das distintas institucións, sectores sociais, membros da comunidade educativa, ademais de asesores e

especialistas. Cara á redacción final dun texto que reflecta o consenso que en materia lingüística este país necesita.

2. Que se convoque ao Consello Escolar Municipal para que se pronuncie sobre o tema.

5.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR PARA A PROTECCIÓN DA LINGUA GALEGA.

O presente punto retírase da orde do día por ser tratado como moción conxunta dos Grupos Municipais do BNG e do PSOE no punto número 4 da presente sesión plenaria.

6.- DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVOS DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura pola concelleira de Benestar, igualdade, sanidade, mocidade, ensino e política lingüística Dña. Ángeles Díaz Prados, así como das peticións aos Concellos para que lle fagan chegar o pésame ás familias das vítimas e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓN NUM 894/2009 a 922/2009, E 1/2010 a 41/2010.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núm. 894/2009 á 922/2009, ambas as dúas inclusive, e da 1/2010 á 41/2010, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Haber por si me equivoquei, teñen solicitada a palabra Ignacio, Pilar, Begoña, Fariña. Ben, Ignacio.

Sr. Fernández Fernández (que traducido literalmente dí): Boas tardes a todos e a todas. As obras Alcalde, lamentablemente perxudican a vida dos veciños ata a súa conclusión. E para acceder a melloras e casi obrigado pasar incomodidades. Pero no noso caso temos o Concello nun estado lamentable, e temos exemplos claros. A estrada ao Seixo, á altura do Penedo é agora un circuito de socavóns a esquivar, unha lamentable e perigosa reposición. A mesma estrada á altura do monte, que leva aberta un mes e medio, porque non se vai

avanzando e se vai pechando como noutros lugares. A estrada Mugardos-Ares é un patatal. A estrada Gallada-San Xoán leva meses sen luz, sen un alumeado provisional, que dado o seu estado por culpa das obras, fai perigosa a circulación nocturna pola mesma. A senda Rilo-Franza, que solventara de xeito temporal a ausencia de beirarrúas ata a realización, esperemos no futuro das mesmas, devolveu aos veciños e peóns á estrada, xa que agora é un barrizal intransitable co conseguinte perigo. Onde hai obras, todo queda unha vez realizadas nun estado lamentable, impropio da situación anterior ás mesmas, e o que é peor, ás veces cun claro perxuízo para os veciños. Pedimos que aínda que sexan reposicións provisionais, porque sabemos que as reposicións definitivas non se poden levar a cabo ata que os materiais se asenten, pero que se vixie para que se fagan cun mínimo de esixencia en canto ao seu acabado, para que non sexan causa de problemas aos nosos veciños. Que o Concello esixa que as obras que se realicen por parte doutras administracións, os perxuízos so duren a realización das mesmas, e non que permanzan no tempo despois do seu remate. Hai dúas casetas de obra, unha xunta a Familia, e outra xunto ao Parque do Peteiro que queremos saber si van a permancer haí indefinidamente, e senón que se garden nas parcelas dos seus propietarios, algunha delas ocupa lugares de aparcamento público sen unha causa coñecida. Por outra banda outro tema, a rúa Portela está intransitable, é unha piscina, aportouse material fai pouco e o único que se fixo foi empeorar a situación. Queriamos saber tamén o Centro de Maiores, que se ía a abrir en novembro e decembro, en novembro ou decembro, e estamos en febreiro e non sabemos nada da súa posible inauguración, e que xeito de xestión vai a ter, e cando vai a abrirse ao seu uso. Nos Casás hai postes no medio das beirarrúas que se rematan de facer, queremos saber si se van a quitar, imaxinamos que si, porque atentan gravemente contra a accesibilidade. E si se van a solventar as queixas recibidas dos usuarios do Local de Ensaio, en canto ás deficiencias en material e sobre todo ás deficiencias en canto á limpeza do mesmo, e como se vai a realizar esa limpeza. Nada mais.

Sr. Alcalde: Ben. Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente dí): Ignacio. Si haber, eu teño unhas... unhas cantas. Esta é para Bouza en todo caso, se quere contestar. E é que dende o mes de decembro se veñen sucedendo convocatorias de folga das organizacións sindicais que representan aos traballadores das instalacións deportivas, en demanda de melloras nas dúas condicións de traballo. E que polo de agora non son atendidas pola patronal. En base ao anterior, e dado que os días de disfrute de actividades por parte dos veciños de Mugardos é menor que o contratado, ¿o goberno municipal está a descontar da mensualidade que lles cobra, os días que non tiveron actividade por causa da convocatoria de folga?. Esa sería unha. A outra e para Bouza tamén. Nos meses de decembro e xaneiro o Concello de Mugardos reduce as horas mensuais que polo regular reciben as persoas inscritas nas escolas municipais mais aló dos días marcados como festivos no calendario anual. No pasado curso 2008-2009 o gasto do persoal docente de escolas municipais ascendeu a 91.875,35 euros. ¿O goberno municipal liquida á empresa responsable dos servizos que presta o persoal técnico docente por hora impartida en cada unha das escolas municipais?. E por derradeiro, para Bouza, é que dende fai mais dun mes, os usuarios non de préstamo da biblioteca municipal, diminuíron a falta da conexión de internet dos ordenadores alí dispoñibles. Primeiro se nos pode explicar as razóns do porque desta situación, e segundo que alternativas se barallan para que a biblioteca

poda contar con conexión a internet nun prazo breve de tempo, xa que leva mais dun mes nesta situación. Bueno, esta é para Roca, que é o Presidente da Comisión de Obras. Na derradeira Comisión de Obras preguntabamos que instrucións emanan do responsable político para o tratamento por parte da Policía Local, en canto ao sancionar o estacionamento en lugares non permitidos, beirarrúas, lugares de reducida visibilidade, supoñendo un risco, dado que se percibiu un tratamento desigual. Contestándonos que as instrucións emanadas eran iguais para toda a Policía Local, e para todos os casos similares. Pois ben, a práctica habitual dinos que non, exemplos coñecemos dende que transcurriu o tempo entre a Comisión e o Pleno. Haberá unha instrución clara, pero non unha execución constante e igualitaria. Entendendo o noso grupo que o responsable político ten que velar porque a execución das instrucións teñan un carácter único e igualitario, ¿vai o concelleiro responsable a facer un seguemento da execución igualitaria das sancións no tocante a vehículos que infrinxen a ordenanza municipal de tráfico?. ¿Vai o concelleiro responsable a propoñer ao Alcalde a tramitación das multas que lle corresponden por incumprimento da ordenanza municipal de tráfico, e que veñen recollidas no anexo da mesma?. Por citar algúns exemplos dos que veñen recollidos na ordenanza municipal de tráfico, artigo 111.k, estacionar un vehículo na beirarrúa de xeito que impida a normal circulación dos peóns 5.000 pesetas, é antiga a... mais vella que a entrada do euro. E o artigo 11.j, estacionar un vehículo en lugar de reducida visibilidade provocando risco 10.000 pesetas. E a derradeira que imos a facer é para, para o Alcalde, e é agora que se abre un novo proceso que estaba morto dende fai bastante tempo, sobre a posibilidade de recepción da urbanización de Mahía, unha vez que Mahía cumpra co que ten estipulado por lei. ¿Por qué o BNG non inicia un proceso negociador coa inmobiliaria Mahía, para que o edificio denominado Pazo das Condesas pase a formar parte do patrimonio municipal?.

Sr. Alcalde: Begoña.

Sra. Gómez Díaz (que traducido literalmente dí): Gracias. Bueno esta pregunta é para a concelleira de Benestar Social. É un pouquiño ao fio do que comentaba Ignacio do local social. Eiquí non sabemos nada de cando se vai a inaugurar e sen embargo na rúa rumorease que vai a haber unha próxima inauguración. Incluso se falou do 14 de febreiro, data sinalada, e claro como é antes da comisión pois por iso pregunto no Pleno se realmente se vai a inaugurar ese día. E se hai algo de certo neso, porque como non sabemos nada... Gracias.

Sr. Alcalde: Fariña.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente dí): Si, bueno antes de comezar, é un rogo, pero necesito unha explicación por dous motivos, porque a formulo agora e porque ademais non quero entrar en contradicción con aquel pacto, que o Alcalde, eu creo que correctamente fixo, de non vaciar de contido as comisións, e polo tanto a que formulo eiquí a formulo con esa convicción, de que hai que seguir nese tema, senón as comisións, na miña opinión, tamén coincidindo co Alcalde pois carecen de moitas cousas. Na Comisión de Obras do 21 deste mes fixen a seguinte pregunta-rogo. Pregunta, dicía textualmente e a din por escrito, a fago por si teño que incidir nela no Pleno, e así especialmente o Alcalde non poda argumentar que se vacía de contido as comisións. Concretamente Sr. Presidente, referíame ao

Sr. Roca, está vostede satisfeito das reposicións, reparacións ou restauracións das obras que se fan neste concello, obras alleas en principio ao Concello no que se refire á súa contratación. E o rogo era que con urxencia se traia a esta comisión, a comisión en que estabamos, un informe o mais exhaustivo posible de tódolos camiños, rúas afectadas por obras, onde conste o grao de execución das mesmas e o estado de reposición de cada unha delas. Argumentaba que esta pregunta-rogo, as consideraba importantes pola cantidade de zonas afectadas e o posible perxuízo posterior tamén para o concello pola súa repercusión económica. A contestación do Presidente, foi o facer un informe, sacar as conclusións necesarias, e por iso teño que explicar no Pleno, porque interveño hoxe neste tema, se estou totalmente de acordo, eu, eu non sería capaz de facer unha explicación mellor que a que deu o Sr. Roca na Comisión. Teño que entón, se teño que formular isto ¿por qué é?. Onte despraceime cara o Seixo polo Penedo, para ver a situación das obras que levan, como dixeron outros compañeiros eiquí, un mes na mesma situación. O que non permite o desprazamento nin para os veciños de todo ese territorio. Non, non están feitas as reposicións, xa non entro en si están ben ou mal, non todas elas, nada mais que me centro nestas, porque a outra é a propia explicación da comisión, pero a miña indignación surxe, ao igual que cos veciños, pasa cos veciños do Monte cando observo ese mesmo día, onte, na zona de Barallobre, as mesmas obras teñen outro proceder, abrese, formigónase, aglomérase, todo en 24 horas. E a miña pregunta, ou o meu rogo, é que ou somos de terceira, ou non somos moi espabilados, comezando por min. Polo tanto róggolle ao Alcalde seriamente que tome o das reposicións da súa responsabilidade, e decrete se é preciso a suspensión das obras en tanto non se repoñan as mesmas aínda que sexa de xeito provisorio. Se o fai terá todo o meu apoio. Gracias Alcalde.

Sr. Alcalde: Gracias Fariña. Haber eu, antes de, de que se conteste aquí as preguntas que se fixeron no Pleno e todo iso. Haber eu quixera dicir que a maioría das preguntas que se fan eiquí son cousas que se deben debatir incluso nas, nas comisións. Tema da carretera do Seixo, Gallada, Rilo, Franza, todo iso son temas de debate de comisión, e que mellor que alí para tomar unha determinación, facer unha aprobación, un ditamen para que se vexa tamén un pouco o que a petición que poda facer o concelleiro ou tal, ou ao Alcalde estea respaldada tamén por un ditamen de tódolos concelleiros que están na Comisión de Obras. En todo caso... eu con respecto a iso teño que dicir que efectivamente pois e... as obras provocan moitos problemas, moitos contratemplos sobre todo aos veciños e veciñas que se ven privados duns servizos que antes tiñan, e tamén hai que ter en conta tamén que o tempo tampouco axudou moitísimo a... a que algunhas cousas estean no estado actual que están. Por exemplo na zona de San Xoán e Franza e todo por aí, pois oes, tampouco hai que... é certo, é certo que, que... pero o tempo tampouco axudou moito. Creo que están traballando a un ritmo bastante acelerado nos tempos actuais, e a data de previsión de finalización de esas obras están para o mes de maio, polo tanto creo que, que bueno, é unha obra complexa, importante e... e o que pediría aos concelleiros e concelleiras, que estes temas o debatan na, nas comisións porque entón nas comisións que, que aprobades... os entronques de auga e tal e do resto non se debate nada. Na Comisión de Obras e Servizos me refiero ¿non?. Eu con respecto ao rogo que fai Fariña, pois e... o asumo con toda, con toda a responsabilidade que me corresponde e se fará ese informe sobre os estados dos viales, e ao mesmo tempo se solicitará dos organismos competentes que son os que contrataron as obras, de que se faga o mesmo que se fai noutros sitios, que se faga aquí en Mugardos. Bueno, oe, en Barallobre

acaban de empezar ¿eh?. Si, por iso, non, non, non, acaban de empezar en Barallobre. Acaban de empezar. Bueno, a pregunta que lle fixeron a Anxos se a quere responder, pode respondela.

Sra. Díaz Prados: Bueno, soamente unha cousa e nada mais, porque eu opino como Barcia, e creo que son cousas de comisión tanto o do Local Social como o do Local de Ensaio. No tema do Local de Ensaio dicir que na próxima comisión espero ter xa o informe que pedimos de... dos danos e o informe económico, é dicir o que... os presupostos que pedimos, se levará á próxima comisión. E o do Local Social, no caso de que se inaugure o día 14 como apuntaba Begoña, que é vox populi por aí según dí e tal, e... os primeiros en enterarvos seredes vós, na próxima comisión tamén, que non é despois, porque é o segundo martes de mes, o primeiro é o día dous, e o segundo é o día 9, co cal o día 9 falaremos na comisión dos dous temas.

Sr. Alcalde: Bueno, non sei si algún quere, algún mais quere contestar, si en todo caso aquí Bouza me apunta que as preguntas que van dirixidas a él, as contestará na comisión e o... me imaxino que as de obras tamén dará conta o concelleiro de obras. Si, si queres.

Sr. Roca Lorenzo: Bueno, incidir un pouco mais no que acaba de comentar o Alcalde ¿non?. Aínda que Fariña dí que chove en Barallobre igual que en Mugarodos, efectivamente si, pero e... debido ás choivas, debido ás choivas, en, en gran parte non están feitas as reposicións. E... dende logo, dende a concellería... dende o meu departamento se insta a, a todas as empresas a que sexan o mais breves posibles na reposición, para que os veciños sufran o menos posible. E... non fai moito, fai unha hora e media dúas horas, acabo de falar precisamente coa empresa que, que ten a 3504 e lle instei que, que bueno, que agora parece que veñen unhos días bos, que por favor que tal ¿non?. E me dixeron que o martes se non chove, que lle van a meter mano á 3504. Entón estamos sobre a... sobre o tema, con bastante insistencia, e bueno, esperemos que, que, que dentro de pouco teñamos todo subsanado como corresponde. Á rúa Portela, tamén se lle vai a meter mano ¿eh?, se lle meteu hai pouco tal, pero se ve que non é unha, que non fixo... non quedou todo o ben que pensábamos, e... e se vai a... nos próximos días se vai a... a intentar mellorar. E bueno, as obras, obras, obras. Bueno, eu a de Rilo. Bueno a de Rilo, xa falei tamén coa empresa e espero que en, en breves días se poña iso en marcha ¿eh?.

Sr. Alcalde: Non, era... haber, un tema importante, un tema importante é o tema de Mahía, que expuxo Pilar aquí. E evidentemente eu estou con ela, de que a recepción da urbanización cando cumpra se recepcionará. De todas formas, xa o falamos o outro día na Xunta de Portavoces, pois é posible que se poida, se Mahía cumpre, claro está, unha recepción parcial da, da urbanización. E... de tódolos xeitos hai xa un informe sobre e... temas e... urbanísticos, sobre a urbanización digamos, non da... non de... dos materiais de execución da urbanización, senón espazos libres e todo iso. E... e bueno, se lle comunicou a, a Mahía Inmobiliaria o que ten que corrixir ¿eh?. Bueno e... mais que nada se refire a... as estruturas colectivas que non están situadas na parcela que deben de ir, infraestruturas colectivas, a antenna por exemplo está fora da parcela por exemplo de... dos espazos dotacionais públicos, está na parcela dun espazo dotacional público, destinado a un equipamento escolar, existen tres, tres centros de transformación dos situados en zonas verdes públicas e... sobre as

alineacións na rede viaria, por non estar rematada a rede viaria, non se contan as prazas de aparcadoiro, que non están feitas, claro, o cruce entre a estrada da Palma e o camiño de abaixo tampouco está resolto como está como figura no plan, parcial, e bueno, se lle da un prazo dun mes para que acometa estas deficiencias, que lle de unha solución e... no caso de que non se lle dean, pois e... en todo caso, por parte do equipo de goberno, xa o dixeran na Xunta de Portavoces, estamos abertos a... a facer unha recepción parcial naqueles sitios que cumpra co, co proxecto de, de urbanización. E logo estaría o outro tema, sobre... porque non se negocia, en todo caso nestes momentos non o consideramos oportuno o de negociar. En todo caso vamos a esperar un pouco tempo mais, e haber que podemos facer con respecto a este tema.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as vinte horas e vintecinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE,